

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL, CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2024

Asistentes

Presidente

Don José Ángel Luna Bargo

Membros

Don Pedro Gómez Val

Representante de xogadores/as

Don Alfonso Solla Lagoa

Representante do C.V. Pontevedra

Don Roberto Castro González

Representante do C. Korbis

Dona Elena Sardiña Tejada

Representante do C. Volei Praia Ourense

Don Manuel López Martínez

Representante do C.V. Ribeira Sacra Monforte

Dona Xiana Silva Cobelo

Representante do C.D. Xuvenil Teis

Don Guillermo Touza Rodríguez

Representante do Club Vigo Voleibol

Don Roberto Castro González

Representante do Club Korbis

Secretario (sen voto)

Don José Ramón Baña Suárez

Secretario Xeral

Outros asistentes (sen voto)

Don Xavier Viana Álvarez

Don Andrés M. Martínez Larranga

Don Alexandre I. Prada Varela

Don Salvador Ramón Forján Lourido

Don Rodrigo Cota Pérez

Don Marcos A. Suárez González

Don Manuel Pérez Castro

Pola FGVb (sen voto)

Don Alberto García Otero

Director Comunicación e Marketing

En Santiago de Compostela, sendo as dez trinta horas do viente e oito de novembro do dous mil vinte e catro, no salón “Auditorio” do Hotel Santiago Plaza by Melia de Santiago de Compostela, baixo a Presidencia de Don José Ángel Luna Bargo e cos asistentes sinalados ao marxe, deu comezo a reunión da XXXIV Asemblea da Federación Galega de Voleibol.

O Presidente saúda aos membros presentes e, a continuación, pasan a tratarse os asuntos que figuran na Orde do Día e que son os seguintes:

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR, CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 31 DE AGOSTO DE 2024.
- 2.- PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2025.
- 3.- MODIFICACIÓN DAS NORMAS DE COMPETICIÓN PARA A TEMPADA 2024-2025.
- 4.- ASUNTOS VARIOS.
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE REUNIÓN ANTERIOR, CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 31 DE AGOSTO DO 2024.

Xunto coa acta da reunión do asunto, sométese tamén a votación a acta da reunión do 9 de setembro de 2023, que tiña que ser aprobada de ser o caso, na reunión do 31 de agosto, e que quedou posposta por falta de presenza de membros da Asemblea, a proposta do Presidente.

Sométense ambas actas a votación, apróbanse por unanimidade.

2.- PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2025.

O Presidente comenta o aumento do orzamento presentado, aumentado tanto os ingresos por actividade propia, como por patrocinios e subvencións de entidades públicas.

Sómetese a votación, aprobase por maioría, cunha abstención e sen votos en contra.

3.- MODIFICACIÓN DAS NORMAS DE COMPETICIÓN PARA A TEMPADA 2024-2025.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

- MODIFICACIÓN DAS NORMAS ESPECÍFICAS DO **CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN:**
 - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes, tanto na fase de concentración como na Fase Final.
 - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas. Eliminada a referencia á segunda fase (fase final non aplica).
- MODIFICACIÓN DAS NORMAS ESPECÍFICAS DO **CAMPIONATO GALEGO PREBENXAMÍN:**
 - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes a 10.
 - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas.
- MODIFICACIÓN DAS NORMAS ESPECÍFICAS DO **COPA ALEVÍN:**
 - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes, tanto na fase de concentración como na Fase Final.
 - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas. Eliminada a referencia á segunda fase (fase final non aplica).
 - o **Art. 3:** Eliminada a referencia á Segunda Fase.
 - o **Art. 4.3:** Eliminado o falar da Fase Final (non procede) (reordénanse os puntos restantes).

REGRAS DE XOGO ALEVÍN/BENXAMÍN

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

- **Art. 5.3:** Engadida a obriga de que en categoría benxamín todos os xogadores teñen que participar no encontro, excepto nos partidos correspondentes á Fase Final do Campionato Galego.

Sómetese a votación as modificacións propostas ata este punto, aprobese por unanimidade.

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VOLEI PRAIA

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

- **Art. 3:** Engadida referencia as normas específicas de cada categoría.
- **Art. 4:** Eliminado o parágrafo que prohibe o pago de inscrición nas categorías de base.
- **Art. 5.3:** Engadida referencia a plataforma para a tramitación de licenzas.
- **Art. 5.6:** Eliminada a referencia a publicación de procedemento de tramitación de licenzas o inicio da tempada.
- **Art. 14.2:** Engadida referencia a convocatoria ten que ser de vólei praia.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEI PRAIA

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

- Modificación das Normas Específicas dos **Campionatos Galegos de Categorias Inferiores:**
 - o **Art. 3:** Modificado o termo normas por bases.
 - o **Art. 5.2:** Modificado o número de integrantes por equipo nas categorías Alevín, e para a Proba Final das categorías Infantil e Cadete.
 - o **Art. 6.2:** Modificada a admisión de participantes nas Categorias inferiores.
 - o **Art. 7.3:** Modificado o criterio de asignación de prazas para competir nos campionatos de España de Clubs.
 - o **Art. 8:** Engadido o prazo de presentación ante a Organización/dirección da proba.
 - o **Art. 9:** Modificado o balón oficial (actualizado a modelo novo) e a numeración nas camisetas.
 - o **Art. 11.1:** Eliminación do parágrafo que contén o equipo campión do Circuito.
 - o **Art. 11.4:** Eliminación do parágrafo ao estar xa recollido no punto 7.3.
 - o **Art. 12:** Modificado o nome do título de Campión Galego de Clubs de Vólei praia eliminado o título de Campión Galego de Clubs, ao estar duplicado cos gañadores de cada categoría.
 - o Con carácter xeral substitúese a expresión “Normas Específicas do Torneo” por “Bases Específicas”, para evitar confusión entre os distintos documentos.

- Modificación das Normas Específicas dos **Campionatos Galegos Sénior**:
 - o **Art. 9.3:** Modificado o sistema de premiación.
 - o **Art. 10.1:** Modificado o contido, referenciando o Regulamento Técnico de vólei praia.

REGULAMENTO TÉCNICO DE VÓLEI PRAIA

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

- **Art. 28:** Modificada a hora para a comunicación para cambio de parella/retirada da competición.
- **Art. 50:** Modificada a referencia da táboa do RNVP polo contido no Anexo I.
- **Anexo I:** Modificado o texto do RNVP, referenciando a normativa da RFEVB. Engadido o texto que determina a puntuación para as probas do Ranking Galego.

D^a Elena Sardiña propón que se elimine a obriga de que a categorías Sub-21 se organice coa categoría sénior, sendo esto unicamente unha opción.

Sómetese a votación as modificacións propostas ata este punto, xunto coa proposta de D^a Elena Sardiña, aprobase por unanimidade.

4.- ASUNTOS VARIOS

Toma a palabra o Secretario, José Ramón Baña, que informa da orde da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral, para que elaborem un regulamento de licenzas. Iso suporá modificación de múltiples documentos.

O Sr. Presidente informa que a próxima reunión será antes do verán, xa que a RFEVB ten organizada a súa Asemblea en marzo, e tal como se comprometeu na Asemblea previa, un mes despois celebrarase a reunión da Federación Galega.

O Sr. Presidente informa do envío de varias consultas nunha enquisa os Clubs galegos, e da cal aínda non había votos como para poder sacar conclusións.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Don Manuel López pide a palabra, para tratar varios asuntos:

- Indica que non está a recibir a convocatoria e documentación para as reunións no correo electrónico, polo que pide que se revise o contacto que se está a utilizar para facer os envíos.

- Comenta que, nas concentracións das Terceiras Divisións, estase a dar a situación de que non queda claro si se xoga o mellor de 3 sets ou de 5, incluso tras chamada/contacto co Director de Competicións e do Presidente do CTGA.
- Indica que, dende o Departamento de competicións, se lle informa de que a primeira fase das terceiras divisións ten que rematar o mesmo tempo que as das Primeiras e Segundas Divisións, algo que por coincidencia e aprazamentos supón un problema.

O Sr. Presidente pídlle desculpas e revisará o contacto para evitar o problema dos correos electrónicos no futuro. Sobre as Terceiras Divisións e o formato, comprométese a que dende a Federación se enviará un recordatorio do recollido na normativa, informando o mesmo tempo os árbitros. Sobre os prazos das Terceiras Divisións, no debería existir problemática, xa que son competicións que “morren” sen afectar a outras como poden ser Campionatos de España. No obstante, revisará o calendario e os Clubs serán informados dende o Departamento de Competicións.

Don Salvador R. Forján solicita intervir, expondo a problemática do seu Club: indica que hai Clubs de Terceira División que queren mais competición, pedindo que se fagan grupos mais grandes e con zonas mais amplas. Tamén consulta sobre a problemática do estamento arbitral, e a falta de colexiados en encontros.

O Sr. Presidente, sobre os árbitros, indica que ese tema xa foi abordado en varias reunións, sendo o motivo a falta de colexiados o alto volume de competición e falta de efectivos en cada xornada. Sobre as competicións de Terceiras Divisións, e tras intervir outros Clubs presentes, o Presidente indica que o fin das Terceiras é facilitar a entrada de novos participantes cun custe de económico e de recursos baixos, algo que non sería posible de facerse grupos mais grandes. Sen embargo, é certo que co crecemento que se está a dar en moitas categorías, mais pronto que tarde as Terceiras terán outro formato, aparecendo as Cuartas Divisións.

D. Manuel Pérez intervén para indicar que xa pasou en varias xornadas onde o encontro en Vigo de categoría Sénior remata preto da media noite, comezando con moito retraso. D. Pedro Gómez ratifica a problemática. Don Guillermo Touza, en resposta indica que ven dado polo volume de encontros que se xogan, acumulando atraso mesmo nos encontros de Superliga 2 que eles disputan. Dende a Federación trasládase que por prazos entre encontros na mesma pista amplos, dificultaría aínda mais a organización de encontros, xa que onde se concentra moita competición, xógase coas pistas e categorías, feito que D. Alfonso Solla ratifica co seu Club.

D. Marco A. Suárez indica que na instalación onde xoga habitualmente o Dompá, os vestiarios non compren os requisitos. D. Pedro Gómez confirma o feito, indicando que está recollido en acta dun encontro.

Dende a Federación comunícase que se revisará a documentación e falará co Club responsable para que no volva a ocorrer.

Sen mais asuntos que tratar, levántese a sesión as 12:25 horas.

Vº Bº
O Presidente,

José Ángel Luna Bargo

O Secretario Xeral,

José Ramón Baña Suárez